

**SEMANA: LUNS 25 DE MAIO – VENRES 29 MAIO, 2020**

## **ACTIVIDADES L. GALEGA**

---

Para esta semana, propóñovos as seguintes tarefas:

- Comprensión lectora: *“Un conto co Minotauro”*.
- Repaso de contidos:
  - Familia de palabras.
  - Os verbos.
  - Ortografía: B/V.
  - Os posesivos.
  - Os numerais: ordinais e cardinais.

Sinalarvos por último, que contades con imaxes que explican e exemplifican os contidos que se traballan en cada unha das tarefas. Se tedes calquera dúbida, sabedes que podedes contar comigo a través do correo electrónico. Estou a vosa disposición.

**ESTADES LISTOS/AS? COMEZAMOS!**



## Un conto co Minotauro

- Olalla, hoxe escollerás ti o conto que queiras.
- Cóntanos a lenda de Hércules –adiántase Andrea.

E ilumínanselle os ollos ao lembrar a historia dese superheroe que xa de neno enganou dúas cruelísimas serpes, venceu as aves de peteiros de ferro e protagonizou unha **encarnizada** pelexa contra o xigante Xerión, que tiña tres corpos. Todas son aventuras engaiolantes que Andrea nunca se cansa de escoitar.

- Prefiro unha historia de monstros!
- di Olalla.

O papá trata de complacer as dúas nenas.

Pensa nun monstro moi monstruoso da **mitoloxía**. Comeza a narrar a historia dun **Minotauro** que atopan Olalla mais Andrea un día paseando pola fraga de Cecebre. É coma o Minotauro da illa de Creta, pero este é do país; non devora mozos, senón herba e pementos de Padrón. Non está pechado nun labirinto. O Minotauro deste conto...

- Anda perdido –intervén Andrea.

Efectivamente, vai de excursión á fraga de Cecebre...

- Co **Gatipetro** –volve Andrea.

- Co Gatipetro, non, que ese só anda dentro da casa!

–entremétese Olalla–. ¿Non lle oíches ler a mamá naquel conto que o Gatipetro vive onde hai nenos pequenos, e que de noite verte amodiño auga que leva nun corno, e fai que mexen na cama sen querer?





–O caso é que o pobre Minotauro se perde e non sabe que facer... –segue o pai.

–Daquela traémolo para a casa.

–Pero non se quere xuntar cos humanos, é metade home metade touro. Un monstro! O pobre, sen vivir coa súa raza, morrería de pena.

–Xa sei, papá, entregáremolo onde acollen animais perdidos.

–Non, xa che dixo que morrería de pena.

–Como podemos facer para que nunca morra?

–Inmortalízalo –apunta Olalla.

–Moi ben, Olalla. Inmortalízámolo! E como?

Os ollos de Olalla parecen dous botonciños de charón.

–A ver, onde existen os minotauros? –interroga o papá.

–Nos contos! –di Andrea.

–Moi ben. Se os minotauros existen nos contos, o mellor xeito de que viva o noso será...

–Poñelo nun conto! –berran á vez as dúas nenas.

–Pois iso foi o que estivemos a facer, ¿ou?

Olalla cavila na pequena historia que acaban de argallar.

–Daquela o Minotauro non morrerá, papá.

–Claro, os personaxes dos contos nunca morren, son eternos. Como Pinocchio, A Cincenta...

–Pero eses teñen nome, o noso Minotauro non.

–Que cada neno lle chame como queira! E que lle invente un conto.

PEPE CARBALLUDE,  
*Mimos e máis mimos* (adaptación)

**encarnizada:** moi cruel, con moito derramo de sangue.

**mitoloxía:** conxunto de lendas e historias da cultura dun pobo.

**Minotauro:** ser mitolóxico con corpo de humano e cabeza e rabo de touro que, segundo a lenda, vivía encerrado nun labirinto na illa de Creta, en Grecia.

**Gatipetro:** ser propio da mitoloxía galega.

## DIFICULTADES DE ESCRITURA

► Escribe unha oración que sirva como introdución á lectura. Escolle un destes comezos:

- Unha tarde
- Certo día
- O pai de Olalla e de Andrea



Despois de ler con moita atención o texto, tedes que responder as seguintes preguntas:

**1. Arrodea a opción correcta para completar cada oración e escribea.**

- O pai de Olalla e Andrea... inventáballes un conto.      léalles un conto.

\_\_\_\_\_

- Andrea quería escoitar... a lenda de un animal.      a lenda dun heroe.

\_\_\_\_\_

- Olalla quería escoitar.      un conto de fadas.      unha historia de monstros.

\_\_\_\_\_

**2. Escribe o nome de cada un destes seres mitolóxicos mencionados na lectura.**



A) \_\_\_\_\_

B) \_\_\_\_\_

C) \_\_\_\_\_

**3. Le esta información sobre os seres anteriores e identifica a cal corresponden.**

Heroe grego que posuía  
unha forza sobrehumana.

---

Animal fantástico que provoca  
que os cativos mexen na cama.

---

**4. Busca información sobre un dos seres mitolóxicos, nomeados na lectura. Elixo o que máis che interese.**

---

---

---

---

---

## REPASO DE CONTIDOS

1. Clasifica estas palabras en tres familias: mar, sol, mariñeiro, lúa, augamar, luada, solarío, marisco, aluar, solar, luar, parasol, baixamar, lunático, solleiro...

---




---



---



---



2. Neste cadro hai tres verbos descolocados. Sublíñaos e despois escríbeos onde lles corresponde:

1ª conxugación (-AR)	2ª conxugación (-ER)	3ª conxugación (-IR)
arbitrou	rompiches	había
recitaba	participei	conseguiron
seguirán	collemos	repartides



3. Subliña os verbos das seguintes oracións e indica en que tempo están:

- Os alumnos estudaban na biblioteca: \_\_\_\_\_
- A mestra explicou a conxugación verbal: \_\_\_\_\_
- O comerciante venderá as mercadorías: \_\_\_\_\_

Escríbense con <b>b</b>	Escríbense con <b>v</b>
<p>Antes de r ou l brúo sombra blusa amable</p> <p><b>Excepto:</b> <i>acivro</i></p>	<p>As palabras que empezan por <b>ad-</b> advocación advento advertir</p>
<p>As palabras que comencian polas sílabas <b>bu-, bur- e bus-</b> bucaneiro burato burbulla busiles</p> <p><b>Excepto:</b> <i>vurvullo</i></p>	<p>Os adxetivos rematados en ...</p> <p>-avo/-ava: escravo, cóncava -ave: suave -evo/-eva: lonxevo -eve: leve, breve -ivo/-iva: altivo, cativo, altivo, festivo -ova/-ovo: nova, novo -ivoro/-ívora: (agás víbora) herbívoro, carnívoro, omnívoro</p>
<p>Os verbos rematados en <b>-buir e -bir</b> (tamén os seus derivados) subir escribir contribuír</p> <p><b>Excepto:</b> <i>servir, vivir, vir (e os seus derivados)</i></p>	<p>As palabras derivadas doutra que se escribe con V adoitan conservar o V activista, lonxevidade, levidade</p>
<p>As terminacións do imperfecto dos verbos da 1ª conxugación -aba, -abas, -aba, -abamos, -abades, -aban</p>	

4. Completa estas palabras con "b" ou "v" e escribe o verbo do que proceden:

- Sa\_\_edoría : \_\_\_\_\_
- Mo\_\_emento: \_\_\_\_\_
- En\_\_olto: \_\_\_\_\_
- Fer\_\_enza: \_\_\_\_\_
- De\_\_eres: \_\_\_\_\_
- \_\_isión: \_\_\_\_\_

## GRAMÁTICA. OS DETERMINANTES POSESIVOS

- OS **POSESIVOS** PRESENTAN O SUBSTANTIVOS E INDICAN POSESIÓN. POLO XERAL, DIANTE DO POSESIVO VAI O ARTIGO.

	UN SÓ POSIDOR		VARIOS POSUIDORES	
	MASCULINO	FEMENINO	MASCULINO	FEMENINO
<b>SINGULAR</b>	Meu, teu, seu	Miña, túa, súa	Noso, vosa, seu	Nosa, vosa, súa
<b>PLURAL</b>	Meus, teus, seus	Miñas, túas, súas	Nosos, vosas, seus	Nosas, vosas, súas

### 5. Subliña os posesivos e indica se fan referencia a un posuidor ou a varios:

- A miña avoa ten setenta anos: \_\_\_\_\_
- É a primeira vez que o meu can saúda coa pata: \_\_\_\_\_
- Os nosos pais non dormen máis de seis horas: \_\_\_\_\_
- Os vosos amigos son moi divertidos: \_\_\_\_\_
- Eses escritor acaba de publicar a súa segunda novela: \_\_\_\_\_

## GRAMÁTICA. DETERMINANTES NUMERAIS

- OS **NUMERAIS** ACOMPAÑAN O SUBSTANTIVO PARA INDICAR UN NÚMERO. PODEN SER:
  - CARDINAIS: EXPRESAN UNHA CANTIDAD.
  - ORDINAIS: EXPRESAN O LUGAR QUE OCUPA O SUBSTANTIVO DENTRO DUNHA SERIE ORDENADA



**6. Localiza os numerais que hai no exercicio anterior e clasifícaos:**

- Cardinais: \_\_\_\_\_
- Ordinais: \_\_\_\_\_

**7. Escribe o número ordinal que corresponda aos seguintes cardinais:**

- Un: \_\_\_\_\_                      tres: \_\_\_\_\_
- Seis: \_\_\_\_\_                      once: \_\_\_\_\_
- Sete: \_\_\_\_\_                      trinta: \_\_\_\_\_